

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

DO DÍA 26 DE XULLO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil sete, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese a Corporación municipal en Pleno, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU.

Non asiste, e presenta escusa, don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Coñecemento dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos respecto da adscrición de concelleiros ás comisións informativas permanentes, especiais e Comisión Especial de Contas.

De orde do Sr. presidente dase lectura pola secretaria da Corporación aos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais, nos que se conteñen os concelleiros que se asignan por cada grupo ás distintas comisións informativas, segundo se transcribe a continuación, dándose por informados todos os presentes:

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Francisco Javier Varela Tejedor	Don José Venancio Salcines Cristal

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Felipe Andreu Barallobre	Don Nicolás José Cubeiro Martínez

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Antón Otero Domínguez	Dona Laura Fernández Martínez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Luis Miguel Taibo Casás	Don Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Antonio Varela Saavedra	Dona M ^a Beatriz Ramos Padín

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Nicolás José Cubeiro Martínez	Don Santiago Manuel Ríos Rama

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Don Antón Otero Domínguez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Luis Miguel Taibo Casás	Don Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Jaime Manuel López Lisnier	Dona Carmen Tato Lago

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Dona Goretti Pérez Elexpuru	Dona María Jesús González Roel

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
-----------------	------------------

Dona Gumersinda Becerra Montes	Dona Laura Fernández Martínez
--------------------------------	-------------------------------

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Juan Antonio Fernández López	Don Luis Miguel Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

D) Comisión Especial de Contas.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don José Venancio Salcines Cristal	Don Francisco Javier Varela Tejedor

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Dona María Jesús Vieites Mariñas	Don Nicolás José Cubeiro Martínez

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Antón Otero Domínguez	Dona Laura Fernández Martínez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Luis Miguel Taibo Casás	Don Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

E) Comisión Informativa Especial para o AVE.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Dona M ^a Beatriz Ramos Padin	Dona Erundina Prado Arcay

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Dona María Jesús González Roel	Don Santiago Manuel Ríos Rama

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Dona Gumersinda Becerra Montes	Dona Laura Fernández Martínez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Luis Miguel Taibo Casás	Don Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

F) Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Antonio Varela Saavedra	Don Francisco Javier Varela Tejedor

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don José Antonio Baamonde López	Don Nicolás José Cubeiro Martínez

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo	Don Antón Otero Domínguez

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Luis Miguel Taibo Casás	Don Juan Antonio Fernández López

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

G) Comisión Informativa Especial de Participación Cidadá, Comunicación e Información.

- do PS de G-PSOE:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Dona Carmen Tato Lago	Don Jaime Manuel López Lisnier

- do PP:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Santiago Manuel Ríos Rama	Dona María Jesús Vieites Mariñas

- do BNG:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
-----------------	------------------

Dona Laura Fernández Martínez	Dona Gumersinda Becerra Montes
-------------------------------	--------------------------------

- de EU-IU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Juan Antonio Fernández López	Don Luis Miguel Taibo Casás

- do Grupo Mixto (PG):

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Don Manuel Marante Gómez	-----

2º.- Coñecemento da aceptación de cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

De orde do Sr. presidente dase conta pola secretaria da Corporación, que con data 17 de xullo do actual, e de conformidade co acordado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 13 de xullo, o Sr. alcalde aceptou desempeñar o cargo en réxime de dedicación exclusiva e os señores concelleiros delegados de área aceptaron desempeñar o cargo en réxime de dedicación parcial, coas obrigas que iso comporta.

Faise constar que don Francisco Javier Varela Tejedor, e segundo transcripción literal da dilixencia extendida na notificación, aceptou o cargo “coa salvidade da pertinente comprobación da necesidade de compatibilidade expresa”.

3º.- Mocións.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, tratáronse as seguintes mocións:

A) Moción do grupo municipal do BNG respecto da creación da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Cambre.

Rexistrada de entrada ao nº 8.364 o día 23 de xullo do ano que andamos. Consta do seguinte teor literal:

“A liberalización do mercado das telecomunicacións e a evolución das novas tecnoloxías supuxo, nos últimos anos, unha proliferación das instalacións de servizos que utilizan as radiocomunicacións, en especial das relativas á telefonía móbil e radiotelevisión. Este feito, unido ao forte impacto que moitas delas teñen na paisaxe urbana, rural e natural e á carencia de normativa específica municipal, determinan a necesidade de regular as condicións de localización, instalación e funcionamento destas e dos demais elementos e equipos de radiocomunicación dentro do que é competencia municipal, sen esquecer a adopción de certas cautelas en relación coa saúde dos/as cidadáns/ás.

Ademais destas consideracións de tipo xeral, en Cambre téñense producido circunstancias especiais de alarma social que nos obrigan a dar resposta urxente a esta problemática. Aí está a problemática das antenas de telefonía móbil na costa da Tapia do Temple, que provocou a mobilización dos veciños e veciñas do Temple pola situación da estación e a súa proximidade ao centro escolar. Tamén se pode comprobar na existencia de varias solicitudes de licenza, en anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia, para varias antenas que xa levan algúns anos funcionando sen ela, irregularmente.

Ademais esta ordenanza tería por obxecto regular as condicións urbanísticas ás que debe someterse a localización, instalación e funcionamento dos elementos de equipos de telecomunicación no termo municipal de Cambre co fin de compatibilizar a funcionalidade de tales elementos e equipos e a utilización polos/as usuarios/as dos servizos de telecomunicacións cos niveis de calidade requiridos coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poida producir e preserve o dereito dos/as cidadáns/ás a manter unhas condicións de vida sen perigo para a súa saúde.

Tamén sería a finalidade desta ordenanza: a protección da saúde ante posibles consecuencias que as ondas electromagnéticas poidan ocasionar sobre ela; a harmonización do despregue das redes de radiocomunicación con finalidade de protección medioambiental; a integración das estacións base de telefonía móbil e outras instalacións de radiocomunicacións no contorno urbanístico e territorial.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG de Cambre somete á consideración e aprobación do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. A creación da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Cambre.

2. A constitución dunha comisión especial non permanente, con representación de todos os grupos municipais e coa asistencia de técnicos municipais para a elaboración e redacción desta ordenanza.

3. Que esta comisión se constituía no prazo dun mes desde a súa creación e que se lle fixe un prazo máximo de tres meses desde a súa constitución para presentar a proposta de ordenanza ao Pleno da Corporación.”

Aberto debate, o Sr. alcalde contesta que están de acordo, pero é un tema que debe tratarse na Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta que a elaboración da ordenanza ten entidade suficiente como para que se cree unha comisión informativa, pois a permanente cre que estará saturada.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, engade que están de acordo coa filosofía da moción, pero entenden que existe unha comisión informativa de carácter permanente coas competencias que se queren atribuír á comisión informativa especial e, ademais, cren que non se pode recargar a axenda de traballo.

Conclúe dicindo que se acepta o primeiro punto da moción, pero que se trate na Comisión Informativa permanente de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos, e comprométense a presentar un borrador no prazo máximo de tres meses.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que están de acordo no contexto da moción, pois o PP sempre estivo a prol de que se regulara a problemática cunha ordenanza. Felicita ao BNG porque se sume á reivindicación dos veciños que o levan solicitando dende hai tanto tempo.

Conclúe dicindo que están a prol do primeiro punto da parte dispositiva da moción, pero non do dous e do tres, xa que é un gasto a maiores para o concello e a ordenanza pode ser tratada na comisión informativa permanente acabada de crear. Os que

teñen que traballar son os técnicos e os políticos o que teñen que facer é consensuar o tema e traelo a pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, felicita ao equipo de goberno por estar de acordo coa moción, e tamén felicita ao BNG, aínda que lembra que eles o 7 de abril de 2006 xa presentaron un escrito no que propoñían a creación dunha comisión especial, polo que se alegra de que se sumen ás reivindicacións de EU-IU. E ao PP lémbrale tamén que EU-IU presentou tres iniciativas sobre este tema e o PP e o BNG non presentaron nada, e tampouco os viron na mobilización que se levou a cabo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, considera que os reproches que se lles están a facer o son con moita dureza. As iniciativas tráense a este pleno coa lexitimación que ostentan, e estase presupoñendo que non estaban de acordo cos veciños, pero eles o que notaban era unha carencia dunha norma para ter claro o camiño. Cren que o asunto debe ser obxecto dunha comisión especial para traballar e sacalo adiante co apoio dos técnicos.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, contesta que non van entrar en rifas de como se tratou o tema anteriormente, consideran que a moción é interesante, apoian a elaboración da ordenanza pero que a informe a comisión informativa permanente, e comprométense a presentar unha ordenanza para que se debata en Xunta de Voceiros ou na comisión informativa permanente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se pode estar ou non de acordo co que se fixo durante estes anos, pero non se pode dicir que non traballaron polos veciños, cando está en marcha a gardería infantil, a escola de música, etc. Conclúe dicindo que manteñen a moción tal e como foi presentada.

Don Luis Miguel Taibo Casás solicita que conste en acta que o 7 de abril de 2006 presentaron un escrito onde pedían que se elaborara unha ordenanza municipal.

O Sr. alcalde manifesta que de todo o exposto, dérivase que están todos de acordo coa moción, o único no que non están de acordo é que se hai unha comisión informativa permanente acabada de crear, para que crear outra se se acaba de comezar, estarán os técnicos, e se hai vontade política non haberá problema, por iso, propón modificar a parte dispositiva da moción que quedaría redactada do seguinte teor literal:

“Levar a cabo a elaboración da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no concello, de cuxo estudo se encargará a Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos, co compromiso de presentar o borrador no prazo de tres meses.”

Sometida a votación ordinaria a modificación da parte dispositiva da moción, proposta polo Sr. alcalde, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete concelleiros do PP, e abstéñense os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo BNG, votan a prol os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os sete concelleiros do PS de G-PSOE e os sete concelleiros do PP.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Levar a cabo a elaboración da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no concello, de cuxo estudo se encargará a Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos, co compromiso de presentar o borrador no prazo de tres meses.

B) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a información municipal aos veciños/-as.

Rexistrada de entrada ao nº 8.366 o 23 de xullo actual. Consta do seguinte teor literal:

“A información e participación nos asuntos públicos, é un dos pilares nos que se asenta a nosa democracia. Son moitas as Leis e normativas que consagran o dereito a participación e información dos asuntos públicos, dando especial relevancia aos concellos por ser a administración mais próxima ao cidadán. Tendo en conta os principios democráticos de transparencia, publicidade e participación cidadá. EU-IU de Cambre, considera fundamental que o máximo órgano de goberno municipal, lugar onde se debaten e aproban os temas mais importantes que afectan directamente os cidadáns, sexa accesible nas mellores condicións de publicidade.

A Constitución española no seu art. 9 apartado 2º di: “ *Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas; remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, cultural y social*” . Tamén a Lei de bases de réxime local, art. 1 punto 1º , art. 69 punto 1º, art. 70 punto 3º . Art. 104 punto 2 do Regulamento Orgánico Municipal do noso concello, maniféstase en similares termos.

O contido de todas estas normas e disposicións é claro: é imprescindible poñer todos os medios dispoñibles, e tomar todas as decisións necesarias para facilitar a máxima participación e información aos veciños/-as . O aumento de medios dos concellos, e as novas tecnoloxías permiten unha relación permanente e practicamente interactiva entre a administración e o cidadán.

Neste sentido, dende o Grupo Municipal de EU-IU observamos con preocupación as carencias existentes no Concello de Cambre, para facilitar os dereitos de información aos cidadáns.

En primeiro lugar, en referencia aos Plenos municipais ordinarios, que teñen fixada a súa data e hora de celebración, sexan publicados nos medios de comunicación do concello. Considerando importante que tanto na páxina web, nos paneis electrónicos informativos, taboleiros de anuncios ou outros medios que dispoña o concello se publique a convocatoria, e os puntos da orde do día a tratar, para o coñecemento dos veciños/-as e cumprir co estipulado na lei a hora de *facilitar a máis amplia información sobre a actividade e participación dos cidadáns na vida local*.

Tamén e cumprindo co previsto na Lei de bases de réxime local sobre o deber de *impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e comunicación para facilitar a comunicación aos veciños/-as para a presentación de documentos e realización de trámites administrativos*.

Por todo o exposto, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Publicar as convocatorias dos Plenos ordinarios e os puntos da orde do día, na páxina web do concello, nos paneis electrónicos informativos, taboleiros de

anuncios, e demais medios se os houbera; cunha antelación igual á comunicación aos membros da corporación, informando á súa vez do dereito que teñen os veciños/-as a asistir a estes plenos.

Segundo.- Publicar na páxina web do concello, as actas dos Plenos ordinarios e extraordinarios, actas **de Comisión de Goberno**, e demais actas doutros órganos, que unha vez aprobadas se consideren documentos públicos.

Terceiro.- Realizar os investimentos necesarios para dotar a páxina web do concello da tecnoloxía suficiente para poder transmitir en directo e diferido a celebración dos Plenos ordinarios e extraordinarios.

Cuarto.- Dotar o salón de plenos dun sistema individual de micrófonos para cada concelleiro, co fin de facilitar aos asistentes unha mellor audición e seguimento das sesións.”

Aberto debate, don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, manifesta que dentro dos compromisos electorais do PSOE xa figuraba fomentar a transparencia do labor municipal e felicita a EU-IU por presentar a moción, non obstante, matiza que as convocatorias dos plenos xa se estaban a practicar no taboleiro de anuncios, e que hai que conciliar e potenciar a páxina web, ademais de que haberá que telo en conta para os vindeiros orzamentos co fin de dotarlle dos medios materiais e persoais que sexan necesarios para levar a cabo este proxecto.

Segue dicindo que a orde xa está dada para que se publiquen as convocatorias, as actas, etc., en canto ao punto terceiro, e debido a cuestións orzamentarias, habería que diferilo para o vindeiro ano; e en canto ao cuarto, a instalación básica xa está feita e falta por definir a instalación que resulte necesaria tendo en conta as limitacións do local.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, tal e como aparece transcrita.

C) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre construción dun apeadeiro de “Renfe” nas inmediacións da urbanización da Barcala.

Rexistrada de entrada ao nº 8.366 o 23 de xullo actual. Consta do seguinte teor literal:

“O tren de cercanías e un servizo de alta rendabilidade social, económica e ecolóxica. As actuais infraestruturas ferroviarias permiten acadar comodamente importantes núcleos de poboación da área metropolitana co centro de A Coruña, pasando por puntos estratéxicos sen necesidade de acometer obras de modificación de vía.

Resulta, por tanto imprescindible aproveitar de forma inmediata as infraestruturas ferroviarias que atravesan o municipio de Cambre e o seu contorno metropolitano para o transporte de viaxeiros, dado que non supón grandes investimentos e responde á clamorosa demanda da cidadanía, é a vontade política expresada polo propio concello e demais municipios do contorno.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, é perfectamente factible, tanto dende o punto de vista da realidade social como económica, establecer, de inmediato un apeadeiro de RENFE, nas inmediacións da urbanización de A Barcala, tentando de contribuír a mellorar o transporte nunha zona densamente poboada do concello de Cambre, onde viven aproximadamente 4.000 persoas. Para funcionar correctamente estas liñas, deberían ter horarios e frecuencias acordes coa realidade social e laboral dos cidadáns residentes na mencionada zona.

Polo exposto anteriormente, o grupo municipal de “EU-IU” propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar a RENFE a construción dun apeadeiro nas inmediacións da urbanización de A Barcala, que poida ser a máis axeitada para os veciños/-as da zona.

Segundo.- Establecer un servizo de tren de cercanías eficaz, con funcionamento, horarios e frecuencias que se adapten á realidade social e laboral da zona.”

Aberto debate, don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, expón que, remitíndose ao programa electoral do PS de G-PSOE, nel apostábase polo transporte de cercanías, polo que están de acordo coa moción, pero piden a EU-IU que a

retiren para que na Xunta de Voceiros se elabore unha moción cun contido máis amplo, pois queda coxa, hai temas de conexións que é necesario estudar.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que está de acordo en que a moción pode ser máis ampla, pero é un complemento dunha iniciativa parlamentaria presentada por Izquierda Unida, por iso non a retiran, iso sen prexuízo de reunirse as veces que sexa necesario para estudar o tema; consideran que hai que dar un impulso, e así será se se aproba a moción.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que están de acordo coa moción, pero habería que ter en conta o paseo fluvial, que deu outra dimensión á zona, polo que formulan que o deseño do apeadeiro sexa cunha unión na urbanización da Barcala.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que para facer un apeadeiro haberá que facer o correspondente estudo por parte dos técnicos, e elaborar un proxecto, polo que insiste que se aprobe a moción tal e como está.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Igreisas Oviedo, voceiro do BNG, expón que apoian a moción, pois é certo que no sistema de ferrocarril de proximidade hai que contemplar moitas cuestións, entre elas, habería que ter en conta o paseo fluvial, pero tamén co apeadeiro de Elviña houbo un traballo previo que deu lugar a que se construíra un apeaderio e non se resolveron outros problemas que eran graves, polo que consideran que ao mellor se se pide canto antes irán máis rápido os trámites.

O Sr. alcalde engade que dado que se pretende suprimir o tren de cercanías e os servizos son mínimos, a moción debe ser aceptada e, tendo en conta que no concello xa se dispón de estudos, recopilarase toda a documentación existente para remitila xunto coa certificación do acordo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, tal e como aparece transcrita.

D) Moción do grupo municipal de EU-IU para o acondicionamento do Campo da Feira de Cambre e saneamento do seu arboredo.

Rexistrada de entrada ao nº 8.366 o 23 de xullo actual. Consta do seguinte teor literal:

“O Campo da Feira de Cambre e o seu emblemático arboredo, constitúen un dos sinais de identidade da capital municipal, e ten un valor incalculable que forma parte do patrimonio cultural, ecolóxico e histórico do noso concello.

Dende aproximadamente o século pasado, moitas foron as vicisitudes que acompañaron o arboredo ao longo da súa historia. Unhas foron positivas, dende a plantación, pasando polas homenaxes que con motivo “*do día da árbore*” se lles dispensaba, ata o respecto e civismo que durante xeracións os cambreses/-as lles demostraron. Outras no entanto, e na historia máis recente, están sendo negativas: Iniciativas dos gobernos municipais de talar algúns elementos, e as continuas agresións que está a sufrir o conxunto do Campo da Feira, que na actualidade non se atopa no mellor dos estados.

O singular lugar, a través dos anos chegou a converterse nun emblema do noso concello e da nosa memoria histórica formando parte do noso patrimonio máis prezado. Todos/-as temos o dereito a aproveitalo e facer un pulmón colectivo para toda a cidadanía.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción das seguintes medidas:

Primeiro.- Proceder en tempo e forma á cura das feridas superficiais dos troncos, saneando onde proceda as súas cavidades mediante mallas que permitan, ademais da súa ventilación evitar a acumulación de residuos.

Segundo.- Proceder dende o concello e os seus servizos xurídicos contra os autores de actos vandálicos que poñan en perigo a existencia das árbores.

Terceiro.- Solicitar da Xunta de Galicia inclúa, o arboredo do Campo da Feira de Cambre e os da estrada de Cambre aos Campóns, no inventario de árbores senlleiras de Galicia.

Cuarto.- Realizar un proxecto para o saneamento integral do conxunto do Campo da Feira .”

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que o seu grupo acepta a moción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, expón que o PP tamén está de acordo co contexto da moción, e lembra que durante a legislatura anterior o PP presentou unha moción que foi rexeitada, así como varios rogos e preguntas.

Segue dicindo que están de acordo cos apartados 1º, 2º e 4º da parte dispositiva, pero teñen dúbidas respecto do 3º, pois non saben se ese apartado pode condicionar a Cambre en futuras actuacións de servizos públicos.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que tanto unhas árbores como as outras xa están protexidas nas Normas subsidiarias municipais, e o mesmo que están no inventario de árbores senlleiras de Galicia as de Padrón, as do Pazo de Mariñán, etc., considera que tamén deben estar incluídas as do Campo da Feira e as da estrada de Cambre aos Campóns.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PS de G-PSOE, manifesta que apoian a moción, pero gustaríalles que explicase o punto 4º.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que, entre outras cuestións, as losas están levantadas, refírese ao seu acondicionamento, tamén hai uns servizos públicos e debería estudarse cal é a mellor colocación, etc.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que apoian a moción e cren que o máis interesante da proposta é o apartado terceiro, pois elévase a protección a outras instancias con independencia de quen governe en Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, tal e como aparece transcrita.

4º.- Informes da Alcaldía.

Non foi utilizado este punto.

5º.- Rogos e preguntas.

Rogos do PP presentados por escrito.

1º.- Ao chegar a época estival faise absolutamente imprescindible limpar e rozar os camiños e estradas do municipio. Este ano non se realizou. Iso é prexudicial para manter a limpeza e a seguridade, xa que o perigo de incendios ao existir maleza é maior, así como o da seguridade tanto para peóns como para condutores, xa que a maleza invade a cuneta e a calzada en numerosos puntos. Por iso o grupo municipal popular solicita ao goberno local que se realice a limpeza e roza de todos os viais municipais, e que dende o goberno municipal de Cambre se inste a que realicen o mesmo en todas as estradas dependentes das diversas administracións para que os viais situados en Cambre se atopen en perfecto estado. Ademais o grupo municipal popular solicita tamén a creación de cuadrillas que se ocupen do seu mantemento todo o ano.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a roza empezará a vindeira semana. Falta que a empresa adxudicataria presente a fianza. Engade que os medios de que dispón a cuadrilla de obras non son suficientes.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que se está estudando, se os medios económicos o permiten, contratar un servizo de mantemento plurianual para que se executen os traballos dun xeito continuado.

2º.- Concelleiros do grupo municipal popular recibiron queixas de numerosos veciños debido ao lamentable estado en que se atopa o denominado “Camino Inglés”, na zona da Rocha, na parroquia de Altamira. Este camiño é utilizado por moitos peregrinos do Camiño de Santiago e numerosos veciños. O camiño na actualidade atópase invadido de maleza polo que é imposible visualizar o desnivel existente na ponte da autovía debido aos matos existentes, o que supón un grave perigo para a seguridade dos transeúntes. Por iso o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que se limpe o camiño sobre todo

á altura da ponte de xeito inmediato para que os peóns poidan utilizalo sen ningún risco.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que está incluído no plan de roza deste ano.

3º.- É por todos coñecida a falta dun elevador para o cemiterio de Cambre, para facilitar o labor dos operarios. Por iso o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que se adquira un para dar un mellor servizo municipal, así como en caso necesario, o arranxo das rúas interiores do cemiterio municipal para o bo uso e manipulación do elevador.

O Sr. alcalde contesta que se fixeron xestións e pediron orzamentos. Agardan darlles contestación en breve.

Rogos do BNG presentados por escrito.

1º.- Solicitamos que se reparen con toda urxencia as bandas rugosas de limitación de velocidade da Estrada da Estación e do comezo da nova ponte das Insuas.

O Sr. alcalde contesta que se puxeron en contacto coa Deputación e parece ser que a primeiros de mes vaise estudar o asunto e posiblemente se coloquen unhas bandas granuladas máis anchas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, non obstante, se deberían restituír os anacos que faltan, pois se está a falar da seguridade da xente.

2º.- Solicitamos que o goberno local se dirixa, en nome de toda a Corporación, á dirección de Correos e ao Ministerio de Transportes para manifestar a nosa protesta pola baixa calidade do servizo de entrega en cambre e, para que se esixa que se dote ás oficinas de Cambre de máis medios materiais e humanos que garantan un reparto axil e puntual da correspondencia.

O Sr. alcalde contesta que esta mañá falou co director rexional e informáronlle que ampliaron o cadro de persoal con dous postos máis.

3º.- Solicitamos que, a través dos medios informativos municipais, se traslade á cidadanía a información sobre a celebración e os contidos dos plenos da Corporación.

Mentres non se regule a través do Estatuto que terá que elaborar a Comisión especial de Participación e Información, solicitamos que as convocatorias sexan anunciadas por medio dos paneis informativos electrónicos, na páxina web municipal e por meido do servizo de correo electrónico municipal.

Coincide coa moición, polo que se considera aceptado.

4º.- Solicitamos que se orden a limpeza da finca municipal da casa de Arrigada, convertida nestes momentos nunha auténtica selva co perigo e molestias que supón para os veciños do contorno.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que se deron as ordes oportunas e quedaron de limpala inmediatamente.

5º.- Pasado case mes e medio da constitución desta corporación e dúas semanas da formación dos grupos municipais, solicitamos do goberno local que se habiliten con toda urxencia locais dotados cos medios técnicos necesarios, para o uso dos grupos municipais na oposición. En cumprimento do Regulamento orgánico municipal vixente que, no seu art. 11 di:

1.- Os grupos políticos disporán, na Casa do Concello ou nun inmoble próximo pertencente ao Concello, dun local ou despacho para se reunir de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns. Os devanditos locais estarán dotados dunha infraestrutura en medios materiais, informáticos e de comunicación necesarios, en consonancia coa capacidade económica e técnica do Concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a vontade política de facilitar o funcionamento dos grupos políticos municipais quedou patente co acordo adoptado na sesión extraordinaria de data 13 de xullo, coa dotación económica aos grupos.

En canto aos locais, estase analizando que locais están dispoñibles para levar a cabo a pertinente reforma, polo que se facilitarán locais á maior brevidade posible.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se hai que facer un expediente de contratación para arranxar os locais, vaise alongar no tempo, polo que agarda que se lles dote de locais o antes posible dado que os necesitan para traballar, recibir aos veciños, etc.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que ninguén nega a necesidade dos locais, e a obriga que hai de facilitalos, pero hai que axustarse ao que se ten. O Regulamento orgánico municipal establece a obriga pero non hai un prazo, e si hai locais, pero non hai un local digno, polo que se comprometen a facilitalo no tempo máis breve posible.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o Regulamento orgánico municipal é de obrigado cumprimento, non hai un prazo establecido, pero dende o momento en que se constitúen os grupos municipais xa deberían ter un lugar para traballar.

6º.- Solicitamos do novo goberno local que se dirixa á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia co fin de continuar as xestións comezadas no final da pasada lexislatura para que os grupos de músicos afeccionados de Cambre poidan dispor de locais de ensaio gratuítos.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que segundo información recibida do persoal do departamento de Cultura, o 8 de marzo celebrouse unha reunión entre os concelleiros don Henrique Xabier Iglesias Oviedo e dona Natalia Fontenla Sabio co director xeral de Xuventude, á que asistiron rapaces representantes dos 11 grupos de rock de Cambre, unha persoa do servizo de Xuventude e o persoal de Cultura.

O director de Xuventude presentou unha proxeción dun par de locais da rede, e os concelleiros de Cambre comentaron a posibilidade de utilizar o segundo andar do edificio modernista de Arrigada, logo do seu acondicionamento.

Os representantes dos grupos de rock presentes na reunión cubriron e entregaron unha ficha informativa, a solicitude do director xeral, e a día de hoxe non se ten constancia de que se presentara a solicitude de recoñecemento oficial dos locais de ensaio e inclusión na Rede galega de locais de ensaio para a xuventude. Están pendentes dunha chamada para ver que pasou.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa coñecía os datos e se formulan o rogo é para que as xestións políticas que se iniciaron no seu día, continúen.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que están de acordo, pero este asunto estaba na Concellería de Cultura non na de Xuventude, por iso non puido facer máis

ao respecto, pois primeiro tivo que informarse xa que en Xuventude non se dipoñía dos datos.

Rogos de EU-IU presentados por escrito.

1º.- Con independencia das competencias que legalmente lle corresponden no área do ensino público ao concello, e tendo en conta os problemas existentes no colexio do Graxal, en materia de escolarización de alumnos/as.

O noso grupo municipal, prega á Alcaldía información sobre os seguintes:

- En que situación se atopa a ampliación do colexio de O Graxal
- Previsión de escolarización para o novo curso.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que con data 20 de xullo actual recibíuse un proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre para a ampliación do CEIP do Graxal II.

Co citado convenio requírese o envío da documentación necesaria para a súa sinatura. Remitíronllelo aos técnicos e están en marcha. Estase seguindo os trámites normais, e en canto ao tema dos terreos, está solucionado.

En canto á previsión de escolarización, no Graxal había problemas e solucionouse con dúas aulas. Mentres non se leven a cabo as obras, vanse montar dous módulos prefabricados para escolarizar a eses rapaces e tamén se farán noutros colexios.

2º.- O grupo municipal de EU-IU prega ao goberno municipal:

-Que por parte dos servizos técnicos municipais, se revisen os contedores de depósito de pilas, tendo en conta as carencias e fase de deterioración que actualmente existe neste tipo de mobiliario urbano.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que están nos centros escolares e nalgúns locais e que se recollen de vez en cando.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que se refire aos que están colocados polas rúas e solicita que se limpen.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se acepta.

3º.- Veciños/as do lugar do Souto en Cela, que acceden cos seus vehículos á estrada Pravio-Cela, vense sometidos diariamente ao risco permanente de accidente, pola escasa ou nula visibilidade no lugar.

-O grupo municipal de EU-IU, prega se instale no lugar máis axeitado, un espello que facilite a súa incorporación nas mellores condicións de seguridade.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se comunicou á Policía Local e farán un informe ao respecto.

4º.- A maioría dos camiños do concello, atópanse en pésimas condicións de acceso para a circulación rodada e peonil, motivado a cantidade de maleza que os invade, o que supón un perigo de accidentes, e risco de incendios.

O grupo municipal de EU-IU prega ao grupo de goberno:

-Se leve a cabo a roza e acondicionamento das cunetas nos camiños do concello de titularidade municipal.

Está aceptado, é similar ao rogo presentado polo PP.

5º.- Aproximadamente un 10% dos accidentes infantís ocorren nas áreas recreativas, que son os lugares expresamente indicados para os nenos/as. A prevención de estes accidentes correspóndelle aos adultos e tamén ás institucións que deben velar pola seguridade en estes recintos. Co fin de garantir o dereito dos nenos/as ao xogo, os parques infantís deberán seguir unha serie de indicacións no seu deseño e cumprir unha serie de normativas establecidas para tales fins:

-O noso grupo prega se verifiquen as condicións de seguridade nos parques infantís do concello, e se axeiten os espazos e elementos de xogo, aos criterios recomendados, para evitar que o seu uso poida producirilles perigos ou danos importantes

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que dos 37 parques existentes, fóronse adaptando pouco a pouco á normativa e hoxe en día todos os xogos cumpren con ela.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que na Barcala non se cumpre coa normativa en canto á suxeición dos bambáns, pois nalgúns sitios están ancorados con cadeas.

6º.- Nun bloque de vivendas na Costa da Tapia no Temple, existen dúas antenas de telefonía móbil. O mantemento deste tipo de infraestruturas preto das vivendas e das zonas densamente poboadas, non só representa un perigo por si mesmo, senón que ven sendo obxecto de polémica, por canto segundo algúns estudos científicos, existente un razoable grao de certeza na relación entre a proximidade destas instalacións, e o incremento de número de casos de enfermidades orixinadas polos campos electromagnéticos que no contorno se producen.

-O grupo municipal de EU-IU, prega o goberno municipal se nos facilite todo tipo de información relativa a situación das infraestruturas mencionadas.

-Se nos facilite unha relación das antenas de telefonía móbil existentes no concello, onde se indique a súa situación administrativa e os seus niveis de radiación, así como o seguimento deles.

-Que o concello non conceda máis licenzas das instalacións referidas, mentres non se elabore unha Ordenanza municipal reguladora de instalacións base de telefonía móbil, que regule as competencias municipais na materia.

-Que polos servizos xurídicos municipais se estude a posibilidade de utilizar a vía xurídica referida, as instalacións que carezan de licenza, e especialmente cando exista reiteración de actuacións ilegais.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que toman nota das peticións e facilitaráselles a información que obra nos expedientes.

Respecto de que non se concedan máis licenzas, serán os servizos xurídicos os que deben informar ao respecto pero, se é posible, e mentres non se redacte a ordenanza, non teñen problema en acceder ao solicitado.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que hai instalacións en Cambre que están feitas dende fai máis de dous anos e non teñen licenza.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se é posible dende o punto de vista xurídico, non teñen problema en non dar licenzas.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

1ª.- Trala creación na presente lexislatura da Comisión Especial Informativa para o Plan Xeral de Ordenación Municipal, e debido á grande importancia que o desenvolvemento do citado plan ten para o municipio de Cambre e os seus veciños, xa que inflúe de xeito considerable no desenvolvemento social e económico de Cambre, o grupo municipal popular pregunta ao goberno local de Cambre que plan de traballo existe para levar a cabo o desenvolvemento do plan xeral, que reunións de traballo están previstas, que prazos existen e en que punto se atopan os traballos de desenvolvemento do importante documento.

O Sr. alcalde contesta que se puxeron en contacto co equipo redactor do plan e agardan que o arquitecto da empresa se incorpore o vindeiro luns. Parece ser que está feita a Memoria medioambiental e agardan que no mes de agosto se faga unha reunión e despois xa elaborarán o plan de traballo.

2ª.- Por todos os veciños de Cambre é sabido o grave problema que existe co tema da corrente eléctrica no municipio. A pouca forza que ten a rede eléctrica en numerosas zonas de Cambre é un prexuízo importante para os veciños. Fai xa tres anos dende o concello se recolleron as demandas dos veciños para reclamar as melloras pertinentes á compañía eléctrica Fenosa. Ademais a mellora da rede eléctrica foi unha das promesas electorais do actual goberno municipal. A pasada semana o alcalde mantivo unha reunión en Fenosa. Ante esta situación e dada a necesidade urxente de que se mellore a rede eléctrica no municipio para asegurar un servizo digno aos veciños de Cambre, o grupo municipal popular pregunta ao goberno local que temas se trataron no encontro, se se tratou sobre estas melloras na rede eléctrica de Cambre e que prazos existen para levalas a cabo.

O Sr. alcalde contesta que hai máis de trinta obras pendentes, a maior parte por ocupación de terreos. Así, hai obras programadas na zona do Graxal, Paseo Marítimo, rúa Constitución e rúa Pintor Lucio Muñoz. Agarda que a maior parte se inicien en setembro.

Engade que lles pasará unha fotocopia da relación que lle facilitou o técnico municipal.

3ª.- Dende a pasada lexislatura se estiveron realizando obras para instalación da rede de sumidoiros en diferentes zonas de Cambre. Estas obras foron realizándose por tramos soltos en numerosas parroquias, sen completar as obras en motias das zonas sinaladas. Ademais hai estradas nas cales unha vez terminadas as obras non se deixaron os citados viais como se atopaban nun principio, senón que quedaron mal asfaltados. Noutras zonas moitas vivendas non poden acceder á rede de sumidoiros, xa que esta se atopa nun nivel máis alto que o das vivendas, polo que a conexión destas a ela non é posible. Ante esta situación e debido a que aínda faltan numerosas zonas do municipio nas que construír o saneamento, o grupo municipal popular pregunta ao goberno local de Cambre que estrutura está prevista realizar para levar a cabo as obras do saneamento integral do municipio, e como se vai realizar a instalación da rede de sumidoiros de Cambre, que obras están previstas e en que prazos se van levar a cabo.

O Sr. alcalde contesta que se está a facer o proxecto de construción de colectores secundarios do río Mero. Os traballos están avanzados, estanse construíndo as estacións de bombeo, pero hai casas que non van a ter cota suficiente para enganchar, e ao mellor terán que facer pequenos bombeos.

Don José Antonio Baamonde López responde que hai que facer unha planificación, pois se fixeron obras da rede de sumidoiros por tramos soltos.

O Sr. alcalde contesta que iso se fixo para que todas as parroquias teñan colector xeral, pero haberá que ampliálo.

Preguntas do BNG presentadas por escrito.

1ª.- ¿Cando se levará adiante a acta de replanteo e o comezo das obras da Escola municipal de Música, despois de que o contrato coa empresa adjudicataria fora asinado o pasado 29 de maio?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o 23 de novembro de 2006, polos técnicos municipais se suxeriu que se encomendase a dirección das obras a técnicos alleos ao Concello, e a pesares diso, polo concelleiro da área de Cultura e Benestar Social

ditouse resolución o 9 de maio designando director das obras ao arquitecto municipal e coordinador de seguridade e saúde ao aparelador municipal. Co ánimo de manter as resolucións administrativas ditadas, o 19 deste mes deuse orde aos técnicos para que leven a cabo, de inmediato, a acta de comprobación do replanteo.

2ª.- ¿En que punto están as xestións para que o colexio Portofaro conte cunhas instalacións deportivas cubertas e en que data poderemos contar con elas?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que a Xunta de Galicia acaba de enviar no día de hoxe un protocolo para asinar entre a Xunta, Deputación e Concello, para a construción do polideportivo. A Xunta encargárase da elaboración do proxecto.

3ª.- ¿Cal é a razón de non seguir os acordos acadados na mesa negociadora en relación coa convocatoria de consolidación de emprego de postos de traballo interinos, entre os representantes do goberno anterior e os sindicatos, en relación coa orden en que se convocan as prazas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non sabe por que se fixo así, pero o que si lle pode asegurar é que fai unha semana que deu a orde para que, de xeito inmediato, saian todas as prazas suxeitas a consolidación.

4ª.-¿Existe algún expediente de disciplina urbanística aberto no que estea incluído algún membro da actual Corporación municipal de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que o descoñece, preguntará aos servizos de Urbanismo e, unha vez informado, contestaralles incluso antes da vindeira sesión.

5ª.- ¿Que medidas vai adoptar o goberno local diante da declaración de ilegalidade, por parte da Dirección Xeral de Urbanismo, da reforma acometida no nº 46 da rúa Temple pola empresa Roncesvalles Hogar S.L., da que é propietario o que foi concelleiro de Urbanismo de Cambre ata o ano 99?

O Sr. alcalde contesta que é un tema que non concerne ao Concello, é entre a propiedade e a Consellería. O Concello non ten que intervir mentres non se lle diga nada.

6ª.- ¿Cando entrarán en funcionamento e poderán engancharse os veciños de Sigrás e Anceis á rede de colectores do río Valiñas, e se poderá eliminar o vertido constante

de augas negras no núcleo de Aián e os directos ao río?

¿Canto tempo máis teñen os veciños que continuar soportando esta situación?
¿Para cando vai ser a conexión para evitar a contaminación do río Valiñas e dar servizo aos veciños de Sigrás e Anceis?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se asinou un convenio con Culleredo. Falta meter catro caudalímetros na zona de Anceis e en Sigrás.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.

1^a.- O Regulamento orgánico municipal no artigo 11 punto 1º . Di: “*Os grupos políticos disporán na Casa do Concello ou nun inmovible próximo pertencente o Concello, dun local ou despacho para se reunir de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns. Os devanditos locais estarán dotados dunha infraestrutura en medios materiais, informáticos e de comunicación necesarios, en consonancia coa capacidade económica e técnica do concello*” . Tamén o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, no seu artigo 27 se pronuncia en similares termos.

Transcorrido máis de un mes da constitución da nova Corporación Local:

¿Ten previsto o goberno municipal algún local destinado para os fins mencionadas?

-No caso afirmativo, en que lugar están situados os mencionados locais, e cando estarán dispoñibles para o seu uso.

Conclúe dicindo que houbo unha falta de previsión tanto polo equipo de goberno como pola oposición, pois non se pensou na falta de local. Comprende que se necesita un prazo para facer obras, etc., pero gustaríalle saber se xa pensou nalgún local en concreto.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, manifesta que están de acordo con EU-IU, foi o único grupo dos tres que había na anterior lexislatura que pediu un local, incluso nun pleno, e foilles denegado segundo se alegou, por falta de espazo, polo que considera unha lixeireza dicir que non se amosou interese tampouco pola oposición. Se ben é certo que, ao final, se lles deixou, de xeito provisional, un local.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que non tiña coñecemento de que o PP dispuxera dun local, e se é así parécelles unha discriminación que gocen dun local e os demais non.

Don José Antonio Baamonde responde que o grupo do PP foi o prexudicado, pois os mandaron a un despacho pequeno.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o traslado do PP se consensuou.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que non van entrar nos problemas da anterior Corporación, o desexo do PSOE é procurar que todos os grupos políticos dispoñan de despacho, polo que se reafirma no dito anteriormente.

2ª.- Recentemente ven de implantarse o servizo de transporte denominado Noite-Bus, conectando o noso concello con outras zonas de ocio da comarca.

-¿Ten proxectado o concello facer algunha campaña de información, respecto da posta en funcionamento do servizo?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que acaba de chegar á Corporación e atopouse con isto, polo que non lles extrane que primeiro teña que enteirarse do que hai. Unha idea era enviar folletos dende o Concello para dalo a coñecer entre a xuventude, pero a mesma empresa que fai o servizo se comprometeu a facer folletos. Está a espera de ver o folleto que elabora a empresa.

3ª.- EU-IU xa ten formulado en diversas ocasións o perigo que supón a ausencia de iluminación e escasa visibilidade na ponte da ría de O Burgo no Temple. Resulta verdadeiramente unha sorte que non se produzan accidentes graves nesta zona tan densamente poboada, cunha intensa circulación rodada, e beirarrúas deficitarias.

¿Existe algún proxecto para mellorar situación de perigo?

Don Mª Beatriz Ramos Padín contesta que entra dentro do proxecto de remodelación da costa da Tapia.

O Sr. alcalde engade que se está pensando en facer unha ponte peonil, á marxe da ponte existente, así como ampliar as beirarrúas dos dous lados como unha segunda plataforma. A ponte actual só sería para os coches.

4ª.- Fai aproximadamente un ano, realizáronse obras de destrución e eliminación da ponte das Insuas en Cambre. O goberno municipal, contemplaba a posibilidade de poder reconstruír a ponte, que para os cambreses/as tiña un valor non só económico, senón tamén simbólico, que podería servir para ser reconstruída noutro lugar axeitado dentro dun espazo público, é así preservar o patrimonio arquitectónico respectando un legado histórico de máis de cen anos.

-¿ Cal foi o destino final da totalidade das pedras?

-¿Ten o concello algún expediente aberto respecto do problema?

O Sr. alcalde contesta que o Concello o que fixo foi abrir un expediente e pedirlle á Confederación que se numeraran as pedras. Non se fixo, e parte delas están nos noiros. Tamén se lle pediu á Deputación, pero non interviu.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que as pedras se numeraron, pero están noutros lugares, algunhas nos muros de contención no paseo fluvial, que non era o uso máis axeitado. Pregunta se hai algún expediente aberto a persoas que se levaron as pedras.

O Sr. alcalde contesta que non.

5ª.- O proxecto de execución de sendas peonis na parroquia de Pravio, está sen rematar, producindo indignación e malestar dos veciños/as, que comprobamos como unha vez máis son enganados polo goberno municipal. Este problema, está ocasionando grandes molestias, a mais do risco permanente de accidentes pola lamentable situación en que quedaron as obras.

-¿Cales son as razóns da paralización e execución do proxecto?

-¿Para cando está previsto continuar as obras?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que foron a Fenosa e a semana pasada deron a autorización para retirar os postes. Quedaron de vir a vindeira semana.

6ª.- No centro da vila en Cambre, estanse realizando traballos de construción e acondicionamento dunha praza pública.

Tendo en conta que no solar existían varias árbores, algunhas delas dunha beleza e singularidade notable.

-¿Está previsto a plantación dalgunha especie arbórea na mencionada praza?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se farán tres *parterres* e colocaranse algunhas árbores.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: Mª Luisa de la Red Ampudia